



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 10 DE XUÑO DO
ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTEN

PRESIDENTE

D.Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

**Faltou con escusa os Concelleiros : D. Antonio Blanco Estevo, D. Amando Sande Agra
e Dona Ángela Pérez Vázquez.**

Sendo as catorce horas do día dez de xuño do ano dous mil quince, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fe dó acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 19 DE MARZO DE 2015 E SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2015.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que asistiron ás mencionadas sesións que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 19 de marzo de 2015 e da acta da sesión extraordinaria do 28 de abril de 2015.

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 19 de marzo de 2015 e ó acta da sesión extraordinaria 28 de abril de 2015, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros que asistiron ás respectivas sesións do grupo municipal do PP, e dos concelleiros que asistiron ás respectivas sesións do grupo municipal do PSdeG – PSOE, acordou aprobar, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria de 19 de marzo de 2015 e a acta da sesión extraordinaria de 28 de abril de 2015.

Seguidamente o Sr. Alcalde toma o turno de palabra para sinalar que esta sesión extraordinaria é a última da presente lexislatura 2011-2015 e manifesta o seu agradecemento a todos os concelleiros pola súa colaboración ó longo destes últimos catro anos.

O Sr. Rouco Ferro, portavoz do grupo municipal do PSG-PSOE, felicita o Sr. Alcalde e o PP pola súa victoria nas eleccións municipais celebradas o día 24 de maio. Por outra banda, anuncia que Dona Ángela Pérez Vázquez formulou a súa renuncia como concelleira electa para a vindeira lexislatura por enfermidade grave dun familiar directo o cal lle impediría desenvolver a súa laboura como concelleira de maneira plena. O Sr. Rouco afirma que é unha perda moi grande, non só para o grupo socialista senón tamén para a Corporación municipal posto que o seu traballo como concelleira foi exemplar.

O Sr. Alcalde suscribe ditas palabras e da por finalizada a presente sesión.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e quince minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

